



BENVINDA ÓS NÓSOS NOVOS COMPAÑEÍROS

¡BENVIDOS!



INFANTIL 3 ANOS



INFANTIL 4 ANOS



INFANTIL 5 ANOS



GRUPOS DE PRIMEIRO

BENVINDA ÓS NÓSOS NOVOS COMPAÑEÍROS



De esquerda a dereita: Lorena, Jonathan, Andrea, Adrián, Julián, Franco, José Antonio, Álvaro F., Antía, Almudena, Álvaro E., Beatriz



De esquerda a dereita: Lidia, Sheila, María, Cacerin, Andrea, Kevin, Martín, Mario, Paula, Xavier, Alba, Mª Victoria



**DECÁLOGO DOS DEREITOS DOS NENOS A ESCOITAR CONTOS**

1. *Todo/a neno/a sen distinción de raza, idioma ou relixión, ten dereito a escoitar os máis fermosos contos da tradición oral dos pobos, especialmente aqueles que estimulen a súa imaxinación e a súa capacidade crítica.*
2. *Todo/a neno/a ten dereito a esixir que seus pais lle conten contos a calquera hora do día. Aqueles pais que sexan sorprendidos negándose a contar un conto a un neno, non só incorren nun grave delito de omisión culpable, senón que están autocondenando a que seus fillos/as endexamais lles volvan pedir outro conto.*
3. *Todo/a neno/a que por algunha razón non teña a ningúen que lle conte contos, ten absoluto dereito a pedirlle ao adulto da súa preferencia que llos conte, sempre que este que o fai con amor e tenrura, que é como se contan os contos.*
4. *Todo/a neno/a ten dereito a escoitar contos no colo dos seus avós. Aqueles que teñan vivos a seus catro avós poderán cederllos a outros nenos que por diversas razóns non teñan avós que llelos conten. Do mesmo xeito, aqueles avós que carezan de netos están en perfecta liberdade de acudir a escolas, parques e outros lugares de concentración infantil, onde poderán contar contos cantos queiran.*
5. *Todo/a neno/a está no dereito de saber quen son os principais autores de contos. As persoas adultas teñen obriga de poñer ao alcance dos nenos/as todos os libros, contos e poemas deses autores.*
6. *Todo/a neno/a goza en plenitude de dereito de coñecer as fábulas, lendas e mitos de tradición oral do seu país.*
7. *O/A neno/a tamén ten dereito a inventar e contar os seus propios contos, así como modificar os xa existentes, creando a súa propia versión.*
8. *O/A neno/a ten dereito a esixir contos novos. Os adultos están na obriga de nutrirse permanentemente de novos e imaxinativos relatos, propios ou alleos, con reis ou sen eles, longos ou curtos. O único obrigatorio é que sexan realmente fermosos.*
9. *O/A neno/a sempre ten dereito a pedir outro conto e a pedir que lle conten un milleiro de veces o mesmo conto.*
10. *Todo/a neno/a, por último, ten dereito a medrar acompañado/a das aventuras dos Tres Porquiños, dos Tres Osos, daquel cabalo que era tan bonito... e do inmortal "había unha vez", fórmula máxica que abre as portas da imaxinación na ruta cara os soños máis fermosos da nenez.*

Recollido polo Equipo de Biblioteca, da Asociación Colombiana do Libro



Un conto con león

Había unha vez hai moitos anos un conto con moito conto. Tanto conto tina aquel conto que pasaba todo o día contando todo o que atopaba. Un día púxase a contar contos e xa ía polo oitenta cando se lle ocorreu lelo

Cando abriu o conto atopouse no país de Plastilina. Era un país de moitas cores e moitas formas pero que cada pouco cambiaba completamente.

Aí unha rula na que estaba pasando escomenzouse a transformar e volveuse nunha praia onde moita xente tomaba o sol e había vendedores de xeados e nenos xogando coa areia e coa auga. No momento en que quixo mercar un xeadito todo volveu a cambiar e atopouse na montaña rodeado de neve e de bosques todos brancos.



E así pasou por moitos lugares distintos e tanto lle gustou ler que aquel conto converteuse nun león, pero non nun león da selva senon nun león de Biblioteca. Así que xa sabedes, si queredes ser leóns na Biblioteca hai moitos contos e en cada conto hai un león

FIN



Honcigera e Panarizo

Honcigera e Panarizo son uns ladróns que lle queren roubar a comida a un labrador chamado Mendruco.



- Amigo Panarizo ¿tes fame?
- Si é porque mo preguntas?
- Pois, imoslle roubar a cea a Mendruco que pasa todos os días por aquí coa cea
- ¿E como o enganaremos?
- Contarémolles o conto de Tuija e mentres escoita comémolles a cea.

Honcigera e Panarizo preparáranse e esperan a Mendruco, para comérlle a cea.



María Mariño

MARÍA MARIÑO

OBRADOIRO DE CONTOS



PALABRA NO TEMPO

¡ Inda vou na mesma menina
aquela que xogueaba sin leite!
¡ Son aquela!
¡ Son aquela que no bosco
escitaba o himno dela!
Son aquela mañancinha
entre orballo das rosas.



MARÍA MARIÑO

En tempos remotos, alá polo principio do século XX, nunha pequena vila mariñeira chamada Noia viría ao mundo unha meniña de familia sinxela e humilde. Tempo despois, grazas á súa personalidade e sensibilidade, converteríase nunha poetisa amante da súa terra que sería recoñecida e homenaxeada na grande festa das Letras Galegas un século despois do seu nacemento. Pero... non nos adiantemos e vamos paso a paso dende o principio.

A nosa meniña chámase María Mariño Carou, nace nunha casa da Rúa Cega de Noia o día 8 de xuño de 1907. Eran os seus pais Xosé M^a Mariño de oficio zapateiro e Filomena Carou, xastra. Foi a segunda de cinco irmáns dunha familia humilde.

Os primeiros anos de existencia pasounos nesta fermosa vila. Alí sen darse conta foi mamando a beleza da súa ría, os monumentos góticos mariñeiros como a igrexa de San Martiño ou Santa María A Nova e sería pola ponte de Traba pola que tempo despois ela e a súa familia marcharían para Escarabote (Boiro) acuciados polos problemas económicos.



A nosa meniña foi medrando, eran tempos difíciles, non se podía ir moito á escola e aprende o oficio de costureira. Chámanlle entón María "A Costureira" e recorrerá as casas dos veciños cosendo aquí e acolá.

Era unha moza sensible, reservada e dicían algúns:

-¡Que mociña tan rara!

-¿Qué fará soña paseando pola beiramar tan ensimesmada?

Aquelas xentes non entendían a aquela muller tan diferente ás outras mozas.

Chegaron máis problemas económicos e a familia trasládase a Escarabote onde a tía Consuelo traballaba no servizo doméstico do Pazo de Goiáns xunto co seu home. Estes parentes herdarán o pazo ao morrer os donos sen descendencia. Tiña María 19 anos e alí na biblioteca do pazo pasaría moitas horas lendo.



O tempo segue o seu paso imparable e a mociña faise muller, comunica a seus pais a súa intención de saír de Escarabote para seguir os pasos de súa irmá Concha, que se encontraba en Bilbao. Eran tempos difíciles, pasábase moi mal nas casas. Había disturbios, folgas... había moita fame. Bilbao tampouco era a panacea, pero vivíase un chisco mellor –segundo escribía a súa irmá Concha. María coñecía o oficio de costureira e ademais tiña algo de escola. Podía defenderse algo mellor ca moitos outros veciños que tomaran a decisión de liscar da miseria

Marcha, María, a filla do matrimonio de Noia cara a Bilbao –dicían uns.

- Que deus a ampare –contestaban outros.

As linguas comezaron ir dun lado cara outro. Escarabote quedábase sen a súa costureira. Os veciños pensaban máis neles que no ben dos demais.



Era unha mañá moi cedo de inverno de 1936. Concha saíra a busca-la. Ía no Sanghai. Paseaba moita xente pola estación. Apeouse. Os seus ollos bateron logo en Concha. Berrou por ela. Afundíronse as dúas irmás nunha gran aperta. Ía moito frío. O tren demora varias horas. O Sanghai nunca chega a tempo. Concha preguntou polos papás e polos irmás. Ámbolas dúas irmás pasaron moito tempo emocionadas, recordando tempos pasados.



Un dos veciños de Concha pregunta quen era aquela mociña tan nova e de onde viña. Ao día seguinte foron buscar traballo polas casas fidalgas de Bilbao. ¡Como fala a xente! Non entendía como aqueles señores tan finos falasen nunha lingua moi distinta a que falaban os señores finos de Galicia. Súa irmá díxolle que aquel xeito de falar chamábase "euskera". Que eles sentíanse fachendosos por falar e defender o seu. ¡Ata o Señor Cura fala estraño como eles!

Soan tambores de Guerra. Disque Goicoetxea deseñou o Cinturón de Ferro de Bilbao. O Goberno de Euskadi é republicano. Aí vén a aviación. Soan as sereas. Todos agáchanse nos escondites. Caen moitas bombas sobre Guernika. Corre o sangue. Había moita xente na praza. ¡Canta inxustiza trae a guerra! ¡Bombardeou Guernika a famosa "División Cóndor"! ¡Non respectou nin a "Casa de Xuntas" nin o Parlamento! Os seus avións levan tatuada a cruz gamada. As covas de Santimamiñe enchéronse de xente medorenta para defenderse do ataque dos avións alemáns. Agora andan a dicir que Goicoechea pasou os plans do "Cinturón de Ferro" ao Exército Nacional. Hai moitos mortos nas trincheiras. Que a caída de Bilbao é cousa de horas. A xente preguntábase cando ía rematar a guerra. Eran xa demasiados mortos. Estabamos a principios do mes de xullo de 1939. María retorna a Escarabote.



Un día paseando pola rúa cruzou cun home que lle pareceu moi agradable e intentou que alguén llo presentara. Falou coa súa amiga Carmela e por casualidade coñecía-o. Gustáronse tanto que María casouse en Escarabote con Roberto Pose Carballido, mestre compostelán de 24 anos, oito anos máis novo ca ela. Isto naqueles tempos non era

moi normal o que fai que falsifique a súa data de nacemento provocando unha confusión que aínda dura ata nosos días. En pouco tempo marcharon para o País Vasco, pois a Roberto déronlle unha praza de mestre nun pobo chamado Elanxobe, preto de Guernica. Aquí, neste pobo mariñeiro cheo de casas de pescadores dispostas en estreitas rúas viviron o seu primeiro tempo de casados.



Un bo día María doulle unha gran noticia a Roberto:

-Roberto imos ter un fillo.

-¿De veras? Estou moi ilusionado.

Rematado o curso Roberto e María voltan para Noia. Alí nace o neno pero mes e medio despois de nacer morre.

-¿Por qué lle tería que pasar ao noso fillo, Roberto?

-Pois non o sei. A min tamén me entristece moito, case non disfrutamos del.



En 1946, o traballo envía a Roberto a Romeor do Courel. María marcha co seu home pero leva a súa nai con ela. Romeor é un pobo do concello de Folgoso do Courel, na


provincia de Lugo. As súas casas de pedra e madeira, o río coas súas cristalinas augas e as maravillosas paisaxes desta terra tampouco logran dar a felicidade a María. Aos poucos meses morre a nai e pouco despois o seu irmán, Emilio. María cae nunha profunda depresión.



Por consello médico, marchan para Parada de Moreda, tamén no Courel. Alí viven nunha casa-escola. Será aquí onde María e Roberto se fan moi amigos de Uxío Novoneyra "O Poeta do Courel" (Courel 1930-Santiago 1999). Fillo de familia de labregos,

esta terra será o seu principal referente para os seus versos, ofrecendo unha innovadora visión da paisaxe dentro da literatura galega. Uxío é o escritor que promove a publicación do seu primeiro libro: "Palabra no tempo", único que se publica en vida de María. E el quen lle presenta a personaxes importantes da cultura galega como Manuel M^a, Ramón Piñeiro, Domingo García Sabell, Sixto Seco...

Tamén promoverá a publicación do seu segundo libro "Verba que comeza", así como dúas obras escritas en castelán.



Isto e máis a amizade cos veciños fai que fique aquí ata morrer.



En 1966, María atópase mal e vai ao médico.

-Vostede ten unha leucemia.
-Non, este é o meu fin.

Estaba tan deprimida que se puxo a escribir poemas tristes e profundos. Fixo un libro "Verba que comeza" que rematou en marzo de 1967. A súa morte viría dous meses despois, estaba a piques de cumprir sesenta anos.

A sepultura de María Mariño está no cemiterio de

Seoane do Courel.

As escasas referencias á súa obra, o descoñecemento da súa vida, o afastamento do mundo cultural unido ao feito de ser muller teceron en torno á súa figura unha desafortunada historia dubidando incluso da súa existencia como persoa e como poeta.

Pero pasado o tempo, correndo o ano 2007 o pobo galego que tanto amou fai xustiza con esta muller e ofrécelle o seu mellor tesouro: **AS LETRAS GALEGAS**

iii AS NOSAS !!!!



CREACIÓN ARTÍSTICA: QUE PODO FACER COAS MIÑAS MANS INFANTIL 3 ANOS





CREACIÓN ARTÍSTICA: "O COLE NOVO" INFANTIL 4 ANOS


O COLE NOVO



O COLE NOVO



O COLE NOVO



O COLE NOVO



O COLE NOVO




O COLE NOVO







CREACIÓN ARTÍSTICA: FAINO TI MESMO 1ºA



AGORA FAINO TI

PRECISAS:

- > Pinturas de dedos
- > Rotuladores
- > Cartón ou cartulina
- > E ponlle imaxinación as túas mans!!





REPORTAXES: UNHA VIAXE EN TREN 2ºB

Unha viaxe en tren

Os nenos de 1º ciclo fomos en tren. Saímos do colexo en autobús ata Santiago. Case non chegamos a tempo porque había un atasco.

O chegar a estación esperábalos Lolo. Deixámonos ata o tren e nos ía golpeando cunha man de goma moi grande. Dende o tren vimos os cruceiros de pedra da Ría de Arousa. Veu Peter e díxonos que tiñamos que falar en Galego. Ao que non falase Galego lle botaba unha tapa de sacana cabeza. Ao chegar a Vilargalicia déronos un Zume. Despois truxeron un tren de madeira e fixeron un teatro.

O teatro foi bonito e divertido. No tren de volta déronnos agasallos: Unha mochila e un estuche de cores.

¡ Foi un día estupendo!



A N 10



Como podemos axudar a mellorar o noso cole

portámonos ben, non tirando lixo
no chomij (coidando das plantas) non romper
as cousas, obedecer ó profes, non malgastar
a auga, tratar ben os xoquetes) Coidar ben os
libros da biblioteca, levándonos todos ben e facendo
estas cousas que non nos costa traballo, podemos
axudar a que o colexio estea limpo.
¡Así que a colaborar todos!





Breve historia do noso rap

O **Hip-hop** non é só música, senón unha maneira de entender a vida que se basea no **rap**, na cultura dos **"graffiti"** e na danza (chamada **break-dance**). O rap é música falada, naceu nos barrios negros de Nova York e de alí estendeuse ao resto do mundo. Dise que no noso país os pioneiros foron o grupo *Os Resentidos*, pero hoxe en día en Galicia o centro está na vila de Ordes, onde hai un colectivo formado por grupos como **Dios que te Crew** que están desenvolvendo a lírica galega urbana.

Aos **nenos e nenas de 4ºB** isto de rapear dásenos moi ben. O ano pasado polo Entroido bailamos un rap e este ano, en Nadal... máis difícil aínda, compuxemos o noso propio rap! Aquí tes unha mostra, titúlase **Rap natural** e ven sendo unha protesta contra o mal que os seres humanos lle estamos facendo ao planeta e máis concretamente ó que está a suceder en Galicia.

REPORTAXES: "RAPEANDO" CON 4ºB



Ola ,como estás, esto é para ti,
Rap Natural, sen conservantes, sen
colorantes,ECOLÓXICO!
Canta contaminación, exceso de
CO₂ Colega, non sei se che sona a
globalización, pero o mundo loita
por nonn ter contaminación

PROTESTA!
Polo fume no ambiente,
Pola merda nos ríos,
Polo petróleo no mar!

Irmán, escoita,
A natureza chora,
O planeta está en loita
E que fas ti?
Que podo facer eu?





REPORTAXES: "RAPEANDO" CON 4ºB



E que fas ti? Que podo facer eu?
Eu estou aquí, xunto a ti,
loitando todos xuntos, limpando
coidando, axudando...



Eh, ti, colega
Bótanos unha man,
Non deixes que estra-
guen
O noso litoral.
Non máis construción
Non máis especulación,
Paremos esta morte
Canta contaminación,
Exceso de CO₂



E que fas ti? Que podo
facer eu?

ESIXE!
Que se pare esta masa-
cre, que se pague por
manchar.
Que non vaia todo ao mar.

No inverno, inundacións,
No verán, lume
No mar, petróleo
Nos ríos, verquidos químicos.
Que máis pode soportar,
esta nosa terra xa?





REPORTAXES: "RAPEANDO" CON 4ºB



Escoita estas palabras:
 Qentamento global, efecto invernadoiro,
 deterioro do hábitat, cambio climático.

Contra isto:
 Desenvolvemento sostible, protección do medio.
 Plans de saneamento, protocolo de Kyoto
 Queres máis? E que fas ti? Que podó facer eu?



CANTAR!

ESIXIR!

PROTESTAR!

CONCIENZAR!

RECICLAR!





En outubro, cabazas no cole e bólas no patio

REPORTAXES: BREVE HISTORIA DA NOSA VIDA ESCOLAR—MAGOSTO E ENTROIDO



En novembro, magosto: exposicións, xogos, contos ...E castañas!





Decembro: plantación da árbore do diálogo...

REPORTAXES: BREVE HISTORIA DA NOSA VIDA ESCOLAR: O NADAL

Coincidindo coa celebración do XXV aniversario do Parlamento de Galicia, plantamos unha árbore do diálogo, conmemorando esta data.



...e polo Nadal... Festival !!!





REPORTAXES: BREVE HISTORIA DA NOSA VIDA ESCOLAR: O DÍA DA PAZ

...EN XANEIRO, O DÍA DA PAZ





Febreiro: Entroido!

REPORTAXES: BREVE HISTORIA DA NOSA VIDA ESCOLAR: O ENTROIDO





REPORTAXES: BREVE HISTORIA DA NOSA VIDA ESCOLAR: O ENTROIDO

1º CICLO





REPORTAXES: BREVE HISTORIA DA NOSA VIDA ESCOLAR: O ENTROIDO

2º CICLO





3º CICLO

REPORTAXES: BREVE HISTORIA DA NOSA VIDA ESCOLAR: O ENTROIDO





En maio: teatro

REPORTAXES: BREVE HISTORIA DA NOSA VIDA ESCOLAR- O TEATRO

Primeiro ciclo



Segundo ciclo



Terceiro ciclo






AS ÁRBORES

As árbores desprenden osíxeno para que poidamos vivir. Sen elas non poderíamos respirar.

Hai moitos tipos de árbores. Podemos encontrar árbores de folia perenne, que conservan as súas follas durante todo o ano. Outras son de folia caduca. Ao chegar o outono caenlle as follas e cando chega a primavera vólvenlle nacer.

Hai árbores frutais, nas que nacen froitos comestibles, por exemplo: a maceira, a cerdeira, a laranxeira, ... Outras, tamén teñen froitos, pero non son comestibles, como o carballo, o seu froito é a landra.

Tamén podemos atopar árbores silvestres, por exemplo: o piñeiro. Ou árbores ornamentais, como o chorón.



Silvia Del Río. 4ºA



Os alumnos/as de 5ºA e 5ºB, elaboraron unha reportaxe sobre as curiosidades das plantas. Mirádeo con atención e veredes cantas cousas interesantes podedes aprender.



CURIOSIDADES DAS PLANTAS

As plantas dispoñen de moitas defensas sobre os animais: Deféndense, unhas con espiñas, outras con olores cheirentos, outras a costa doutras plantas ou coa complicidade dos mesmos animais... Temos plantas que benefician ao home: cómense, algunhas serven para fabricar medicinas, outras para forraxe dos animais... Cada unha delas é moi importante para a supervivencia da especie humana. Mesmo das plantas venenosas, a industria farmacéutica saca moitos medicamentos beneficiosos para a especie humana maillos animais. Entre moitas curiosidades das plantas podemos poñer hoxe estas:

A **árbore máis vella do mundo** morreu en 1958. Tiña que ter agora uns 4.000 anos. O seu nome, "**Piñeiro lonxevo**", no tempo de Xesús Cristo xa tiña 2.000 anos. Antes de existir os primeiros faraóns exipcios... vivía ela. Cando, aló polo neolítico, cando o home empezou a cultivar a terra, nacía esta vella árbore nas Montañas Brancas de California nos Estados Unidos.



As **coníferas** son as árbores que baton os grandes records de lonxevidade e de altura chegando aos 100 metros de altura. Anque a árbore máis alta do planeta Terra, hoxe en día, é un eucalipto australiano, que chega ata os 105 metros de alto.

"**As sequoias xigantes**" baton hoxe os grandes records en altura, lonxevidade, en volume... chegan ata moi preto dos cen metros de altura. Poden vivir cerca de 3.000 anos. No xardín botánico de Padrón atopamos dúas sequoias bebés que non teñen máis aló de 170 anos. Destacan xa pola altura e o seu volume no Xardín Botánico de Padrón. Os exemplares máis voluminosos das sequoias xigantes pesan máis de mil toneladas métricas. Poden medir máis de 12 metros de diámetro.

Os **Eucaliptos** máis vellos de Europa atópanse en Galicia: no Pazo de Rubiáns (Vilagarcía de Arousa), que se necesitan nove homes para abrazalo, e na parroquia de Chavín (Viveiro), na Mariña lucense, que se necesitan sete homes para abrazalo. En Valga existe un dos bos exemplares, un chisco máis novo ca estes dous. Había outro, pero o temporal "Hortensia" derrubouno.



Os eucaliptos entraron en Galicia da man do misioneiro frei Rosendo Salvado que os trouxo de Australia a Tui. Nunha báscula de precisión poríanse as sementes do eucalipto nun dos dous pratiños, e no outro, colocábase unhas pesas de gramo en ouro: ese prezo en ouro era o seu prezo verdadeiro. Os eucaliptos máis vellos de Europa non chegan aos 180 anos.

O **Swaro** vive en lugares moi secos. O seu tronco ten forma de acordeón; as follas están transformadas en espiñas. Cando chove na rexión, una vez cada cinco ou seis anos, pode almacenar máis de unha tonelada de auga que o Swaro irá distribuindo segundo lle conveña. Pode vivir 200 anos. Esta auga é venenosa, polo tanto os indíxenas non a aproveitan.

As persoas que viven no Deserto do Calahari (África) sacan a auga que precisan das plantas con espiñas. Escaravellan baixo terra arrincando uns tubérculos que teñen baixo terra que son toda auga potable e moi amarga. Para sacar a auga hai que sacar a polpa do tubérculo cun machete e raiar ben a raíz e extruxala: as raíces grandes, anque semellen secas, teñen moita auga. Como non a poden beber, úsana para lavarse que lles proporciona un frescor delicioso.

O **Rotán** é unha planta secuestradora de animais co seu hábitat na Selva de Borneo no sueste asiático. Nesta árbore reúnen unhas formigas feras, que producen un ruído ao bater a testa contra o talo do rotán. A mordedura destas formigas produce dor nos animais. O ápice da folla do rotán permanece intacto. ¡Dispón de boas espiñas! Pertence á familia das acacias. A xirafa, o animal máis alto, come as follas por enriba, pero sae ilesa das espiñas. Algunhas acacias recrutaron formigas como gardas e a mesma planta proporcionálles casa-habitación: na base oca das espiñas.





Un mordisquiño da xirafa nas follas tenras da acacia abonda para que saian as defensoras da árbore. Atacan feramente o peteiro maila linga da xirafa e esta deixa o alimento e retírase por mor dos seus inquilinos.

Diferentes acacias empregan formigas para a súa defensa. Ademais de aloxamento algunha acacia ofrécelles un néctar delicioso que se deposita en pequenas glándulas do talo. Unha acacia sudamericana recompensa ás formigas dun xeito diferente: produce ese néctar saboroso con moitas proteínas, necesarias para alimentar ás larvas, que as obreiras levan ao formigueiro para darlles de comer. Estas larvas alóxanse nas bases ocas das espiñas. As formigas como as provisións mailo aloxamento montan a defensa da acacia, saen correndo a atacar aos intrusos que ameazan comer as follas novas da acacia. Estas formigas defenden a súa árbore, aínda mesmo contra plantas rivais, que cando nacen, son trituradas por elas deixando o seu espazo libre de plantas.



A flor máis grande do mundo dáse na Selva de Sumatra no sueste asiático. Florece cada 1000 días e a súa floración dura tres días. Esta flor recibe o nome de "**Morphnux titanic**" ou "**Aro de Sumatra**". Mide dous metros de alto e un metro de ancho. É polinizada por unhas abelliñas da suor.

Existen tamén unhas plantas hospitalarias que inflan a maior parte do seu talo para construír unha casa para as formigas e cólganas polas outras árbores en Nova Guinea. Produce o alimento necesario para os seus habitantes creando dentro unha rede de corredores de ar acondicionado para poder estar moi a gusto dentro. Dentro teñen o basureiro mailas cámaras mortuorias das que se alimenta esta planta.



Entre nós hai unha planta de horta que convén tela todo o ano. Trátase da "**Melissa officinalis L.**" ou "Herba abelleira". Non se comercializa porque hai que tomala en infusión, pero ten que ser fresca. Bótanse de 15 a 20 follas nunha teteira, déixase ferver un minuto, bótaselle azucre. É moi boa para as dixestións duras, tamén é moi diurética amén doutras calidades. Dáse en lugares frescos. Pode chegar a confundirse coas estrugas frescas. As súas follas teñen un certo olor a limón. Hai moita herba abelleira nun baldío de Extramundi, xunta a estrada que vai cara Rois.



Os pelos das **estrugas bravas** son ocos por dentro, de sílice, material do que se fan os vidros. Cando che toca un destes pelos fai unha rascadura na pel e inxecta un veneno que causa unha dor desagradable.

As **estrugas mortas** son unhas herbáceas do campo, moi pubescentes que os coellos non comen, (non porque non lles guste senón por precaución) porque recórdanlle ás estrugas bravas que os picaron no peteiro, cavilando agora, que ao ver eses peliños, son das estrugas bravas. As plantas son moi pillas. Sábenas todas.


As "**maravallas**" (herba da chantaxe) son unha planta medicinal que, cando hai unha mazadura, unha vez cocidas, aplícanse como emplastos sobre as posibles mazaduras
- disque non aparecen elas.

Os "**couselos**" (*Umbelicus pendulinus*) que nacen nos valos e paredes mirando sempre ao norte; unha vez, ben limpos, que lle quitamos a pel de embaixo, preparados a modo de ensalada, son moi saborosos. Hai que ter coidado na recolección, pois os cans marcan moi ben o terreo. Por iso convén lavalos ben.



As raíces dos "**espárragos**", unha vez ben lavadas, preparadas en aceite, allo, pirixel... e tixola, din os entendidos, que saben como as angulas. Todo é cuestión de gustos e de probalas.

Convén ter coidado na colleita delas pois existe moita confusión no nome e localización dunha planta. A que nos semella a verdadeira pode ser velenosa. Cando teñamos que buscalas, vaiamos sobre seguro.





VISITA AO PUNTO LIMPO E Á DEPURADORA DO CONCELLO

Na última semana de maio realizamos cos distintos ciclos unha visita ao punto limpo situado na aldea de coto, Parroquia de Campaña xunto a depuradora que dada a súa proximidade, tamén pensamos visitar.




DEPURADORA DE AUGAS DO CONCELLO:

Instalación destinada á purificación das augas residuais, urbanas, agrícolas ou industriais, para que logo poidan ser vertidas nun medio natural receptor (neste caso o río).

O percorrido de ida e volta ata o lugar farémolo andando o 1º, 2º e 3º ciclos. Esta visita acercounos un pouco máis ao mundo da reciclaxe e da depuración de augas e agora xa podemos dar resposta a preguntas como:

QUÉ É UN PUNTO LIMPO?

Os puntos limpos son recintos situados no entorno das cidades, vilas, pobos e aldeas e que teñen o obxectivo fundamental de servir ós cidadáns como centro de achega voluntaria para a **recollida selectiva dos residuos producidos no ámbito**



domiciliario.

Son puntos centralizados para que os cidadáns depositen residuos que aínda que foron recollidos selectivamente, precisan dunha necesaria xestión específica, debido ao seu tamaño (residuos voluminosos) ou a súa composición. En definitiva, residuos como: papel e cartón, vidro, plásticos de diferentes tipos, metais, téxtil, calquera residuo que polo seu tamaño non poida depositarse nos contedores da rúa, material inerte procedente de pequenas obras domésticas, escombros,

sprays, tubos fluorescentes, pilas, baterías, ordenadores, aceites usados, medicamentos, radiografías...

Non se poden deixar pola contra: residuos de materia orgánica dos que xa se fai unha recollida selectiva a través de contedores específicos instalados nas rúas dos pobos, residuos industriais de grandes e medianas empresas que xa teñen un sistema correcto de xestión nas mesmas empresas e residuos radioactivos.

POR QUE SON NECESARIOS?

1. **Para recupera os materiais** contidos nos residuos para a súa reciclaxe, como o papel, vidro, metais, etc.
2. **Para evitar o vertido incontrolado** de escombros e residuos de grande tamaño como mobles ou electrodomésticos.
3. **Para separar os residuos** xerados nos fogares que sexan un risco para o medio ambiente coma os medicamentos, pilas, pinturas, etc.





QUE ACTIVIDADES SE FAN NOS PUNTOS LIMPOS?

- **Controlar a recepción** dos residuos cando chegan ás instalacións do punto limpo .
- **Clasificar e agrupar** os residuos de natureza compatible.
- **Enviar** os residuos ata as diferentes instalacións de reciclaxe de cada un deles.

ONDE SE DEBEN COLOCAR OS PUNTOS LIMPOS?



Débase ter en conta dous factores importantes para elixir o lugar onde poñer un futuro punto limpo: a accesibilidade e proximidade para o usuario, a fin de que o uso do punto limpo sexa o máximo posible e un fácil acceso ás vías de tráfico de saída



do concello, para que as molestias ocasionadas polo tráfico de vehículos de media/grande tonelaxe polo casco urbano sexan mínimas.

Destacar que un punto limpo non debe xerar rexeitamento por parte dos veciños xa que non xera olores, non resulta tóxico nin perigoso para o medio ambiente, non é ningún vertedoiro e non se planea como un simple almacén de desfeitos.

CAL É O EQUIPAMENTO DUN PUNTO LIMPO?


Pechamento perimetral: Limitará todo o espazo ocupado polo punto limpo, impedindo así o acceso a persoas e animais ó recinto sen o control adecuado.

Zona de operacións.

Zona utilizable pola poboación:

Nesta área disporanse ademais as seguintes instalacións:

1. Área de grandes contedores: para o depósito de escombros, madeira, metais, plásticos, etc.
2. Área de iglús contedores de papel e vidro (idénticos ós instalados nas rúas).
3. Área de pequenos bidóns: neles depositáanse medicamentos, roupa usada, aerosois, pilas, disolventes, etc. Está baixo cuberta.
4. Zona de recepción de electrodomésticos: está baixo cuberta.



Nesta pesa industrial, entran os camións e pésanse antes e despois de cargar o residuos. Deste xeito sábese no número exacto de toneladas de material reciclado que saen do punto limpo

REPORTAXES: ECOLOXÍA—VISITA AO PUNTO LIMPO



A cribadora de tambor e idónea para separar materiais como compós, terra, madeira, residuos de construción e demolición...



A súa "tolva" de alimentación ten unha capacidade de aproximadamente 4.5 metros cúbicos e funciona grazas a un sistema de cinta transportadora.

MEDIO AMBIENTE

Sabías que...

- Cada un de nós producimos ao día máis dun quilo de lixo (unha tonelada por familia e ano). Co lixo que xeramos nas nosas casas poderíamos encher, cada ano, máis de 30 campos de fútbol de 12 metros de alto.
- Por cada tonelada de papel reciclado aforramos unha media de 13 árbores, 50.000 litros de auga e 3 barrís de petróleo.
- Unha pila de botón é quen de contaminar a auga que necesita unha familia de catro membros en todo un ano.
- Se deixamos unha billa mal pechada, pingando unha gota por segundo gastaríamos ao redor de 30 litros de auga ao día.
- Se apagas o televisor, o equipo de música ou o ordenador co mando a distancia, quedarán en "modo de espera" (stand by, co puntinho vermello debaixo da pantalla), consumindo enerxía, emitindo dióxido de carbono e reducindo a súa vida útil. Se todos os galegos e galegas deixaran de empregar o modo de espera, aforrariáse a enerxía suficiente para dar subministro a unha poboación de 65.000 habitantes. Reciclar latas de aluminio supón un custo dez veces inferior a facelas novas.

COMO PODO AXUDAR?

POIS PARA AFORRAR ENERXÍA...

- Apaga as luces e os electrodomésticos sempre que non os necesites nin os esteas empregando.
- Limpa as lámpadas e focos, xa que o po bloquea a luz que emite.
- Utiliza unha lámpada de mesa fluorescente cando traballes nun escritorio.
- Acende os focos dos adornos de Nadal nas primeiras horas da noite.
- Mantén baixos os niveis de iluminación no lugar onde vexa a televisión, así evitará os reflexos e aforrará enerxía.
- Comenta na túa casa a posibilidade de empregar lámpadas de baixo consumo ou tubos fluorescentes, xa que duran máis, consumen cinco veces menos e manteñen as mesmas condicións de iluminación e confort que as convencionais.
- Non deixes cargando o teu móbil cando a batería xa estea recargada, xa que desperdicias o 95 % de electricidade.





- Non introduzas alimentos quentes no frigorífico xa que o motor terá que traballar a pleno rendemento para reducir a temperatura interior. Pensa antes de abri-lo, non deixes a porta aberta.
- Cando na túa casa merquen un electrodoméstico, dilles que escollan o que leve a etiqueta europea de clase A.
- Camiña ou utiliza a bicicleta para os desprazamentos curtos. Os vehículos con motor contaminan.
- Utiliza os medios de transporte públicos (por exemplo: o autobús)... así deixaríamos de emitir tanto dióxido de carbono á atmosfera.



AFORRO enerxético = AFORRO económico = MELLOR CALIDADE DE VIDA



PARA AFORRAR AUGA...

- Dúchate en vez de bañarte: aforrarás auga e enerxía.
- Pecha a billa da ducha cando te enxabones (aforrarás uns 30 litros cada vez).
- Pecha a billa mentres te cepillas os dentes (aforrarás uns 20 litros cada vez).
- Non tires residuos ao auga e non vertas aceite de cociña usado polo desaugadoiro en ningún caso (podes metelo nun bote de cristal e chamar ao concello para que cho veñan recoller).
- Mentres que espera que saia auga quente da ducha, por exemplo, aproveite para encher recipientes e utilíceos para múltiples usos (váter, regala plantas, lavar a roupa...).
- Non abuses de tirar da cadea do váter. Hai un dito en castelán que di "cando está amarillo espera un poquillo e cando está marrón aprieta el botón". O auga que utilices para cocer as verduras ou ferver ovos, aprovéitea para regala plantas, aportaralles nutrientes da cáscara do ovo.

COMO PODO APROVEITAR OS RECURSOS?

- Cando fagas a compra leva o carro da compra ou leva no peto a túa propia bolsa e consérvaa para sucesivas compras.
- **Separa vidro** (no contedor verde en forma de ovo), **pilas** (xunto ao vidro), **papel e cartón** (contedor azul), **latas, bricks e outros envases de plástico** (contedor amarelo) **e os residuos orgánicos, restos de comida**, (contedor verde pequeno) **para facilitar a súa reciclaxe**.
- Emprega a menor cantidade posible de papel: fotocopia polas dúas caras e emprega o correo electrónico.
- Merca aqueles produtos de etiquetas ecolóxicas.



Na maioría dos coches que van pola estrada vai un so ocupante, ao sumo van dúas. Si fóramos varias persoas xuntas, para o mesmo posto de traballo, aforraríamos cartos, contaminaríamos menos e fomentaríamos o diálogo e o compartir experiencias cos compañeiros de traballo.

En definitiva, si temos en conta estas cuestións teremos unha mellor calidade de vida e polo tanto un mundo mellor. Pensa que **NON COSTA TANTO, TI QUE DIS?**

Departamento de Orientación




PARA QUE ESTES EN FORMA
E LEVES UNHA VIDA SA:
PRACTICA OS BOS HÁBITOS ALIMENTARIOS.

- Non hai alimentos nin bos nin malos. Hai que comer de todo de xeito variado, equilibrado e suficiente.




¡ O almorzo é moi importante !



Se o fas de maneira correcta darache enerxía e aumentará o teu rendimento físico e intelectual.
¡ TOMA UN LÁCTEO, UNHA FROITA E CEREAIS !

- As froitas e as verduras aportan vitaminas minerais e antioxidantes.
Lembra 3 froitas + 2 verduras.



-Todos somos iguais pero diferentes.
Mantén un peso saudable, os teus gustos e a túa personalidade.

-Goza de pratos saborosos e sans coa túa familia. A túa calidade de vida comeza na alimentación.





REPORTAXES: ALIMENTACIÓN—OS BOS HÁBITOS ALIMENTARIOS

-Non esperes a ter sede. Para manter un bo estado de hidratación e necesario beber de cote.



-Os teus osos necesitan calcio. Toma diariamente alimentos que o acheguen.

-Unha dieta moderada é un bo camiño cara a saúde. Equilibra o que inxires e o que gastas.



A DIETA



-Móvete! Aumenta a actividade física na túa vida diaria e practica deporte regularmente.

Chistes:



-Que lle dixo a culleriña a xelatina?

Non tremas, covarde!!



Dúas olivas van en moto. Nunha curva cae unha delas:

- Ai! Creo que rompín o oso.
- Como vas rompelo oso se estas rechea de anchoa.!!



-Doutor, creo que necesito vitaminas A e B.

Está vostede tan pálido que lle vou receitar o abecedario enteiro.





INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO

REPORTAXES: OBRADOIROS DE CONSUMO 3º A

Fomos ao Instituto Galego de Consumo estívenmops en dous obradoiros, un de xoguetes e outro de alimentación.

No primeiro aprendemos a facer xoguetes con material de refugallo, a saber diferenciar un xoguete dun xogo, a recoñecer xoguetes perigosos e a ler a etiqueta que deben traer todos.

No segundo obradoiro vímos a “pirámide dos alimentos”, así sabemos dos alimentos que temos que comer máis e dos que temos que comer menos. Tamén había como un supermercado e tíñamos que facer a compra con 20 euros. Isto sí que foi complicado.

Pasámolo moi ben, queremos dar as grazías as monitoras polo seu traballo e polos agasallos. Esperamos volver para o curso que ven.

3ºA





BIOGRAFÍA DE J.K. ROWLING

Quizáis non a coñezades, pero e unha das escritoras mais prestixosas do mundo neste momento. Si falamos de Harry Potter, seguro que todos víchedes unha das películas deste personaxe ou líchedes algúns dos seus libros; pois a autora da fantástica historia do famoso neno mago orfo, HARRY POTTER, e J.K. ROWLING.

J. K. Rowling é un pseudónimo , ó seu verdadeiro nome e Joanne Kathleen Rowling . O seu editor quixo que ela empregara as súas iniciáis porque creía que un nome, feminino non atraería a atención dos lectores.

Naceu ás aforas de Bristol, unha cidade ao oeste de Inglaterra.

Na súa infancia viviu coa súa familia en varias pobos de Inglaterra.

Pasou unha infancia feliz ata que a súa nai enfermou de esclerose múltiple.

Estudou francés na Universidade de Exeter, ao sur de Inglaterra, presionada polos seus pais que querían que estudara unha lingua "moderna" e "útil". Ao acabar os seus estudos traballou en Amnistía Internacional en Londres, a organización que loita polos dereitos humanos en todo o mundo. Despois dun fin de semana buscando piso en Manchester, volvía a Londres en tren, cando se lle ocorreu a idea dun neno orfo,flaco,de pelo negro, que no sabía que tiña poderes máxicos, chamado Harry Potter. Empezou entonces a escribir o seu primeiro libro da saga , chamado "A pedra filosofal". Cuando estaba escribindo este libro, a súa nai morre. Dende aquela non só a súa vida deu un xiro, senón tamen o desenvolvemento da súa obra e a vida de Harry Potter, pois este neno sentía a ausencia dos seus pais , igual que a súa autora. Esta libro foi rechazado varias veces por moitas editoriais. Pasado un tempo unha empregada da editorial Bloomsbury encontrou o manuscrito na pila de manuscritos rechazados, gustoulle e enseñoullo ao seu xefe , a quen tamén lle gustou e decidiu publicalo. Xa leva 6 libros da saga publicados. Tamén escribiu dous libros mencionados nas súas novelas como libros empregados por Harry Potter e os seus compañeiros de clase non seus estudos

Recoméndovos a todos que leades os seus libros que podedes atopar na biblioteca do Colexio e entredes na súa páxina web:www.jkrowling.com/es .

Sara Azidane Chenlo - 6º A



5 motivos para ler POESÍA

- 1- A poesía non morde, non fai dano, aínda que haxa quen pense o contrario, non é aburrida, nin romaticota, nin cursi, nin difícil. E hai moitos tipos de poesía para que elixamos.

- 2- A poesía serve para ler, cantar, berrar, recitar, rapear, musicar, declararse, rebelarse contra o mundo ou unicamente para falar suave á orela. Tamén é un somnífero para durmir ben, unha pastilla sen química que mellora a saúde e o benestar, e relaxa as persoas. E serve, sobre todo, para explicar as razóns e as emocións que non veñen no dicionario.

- 3- Os poemas son como caixas de ferramentas, valen para todo: para sentilos, manosealos, lelos, gardalos nun armario, ensucialos, para ligar, para poñelos enriba da cabeza, penduralos na parede, limpalos, recortalos, reescribilos, merendalos nun bocadillo de papel, ordenalos, metelos na neveira e lelos coa cabeza máis fría, ou deixalos sobre a cama para devoralos á noite, clandestinamente, cando todos se deitaron. Ademais, a poesía cura enfermidades imprevistas como a impaciencia, os nervios, os pés planos, os enfados, a dor de cabeza, as feridas imprevistas, as dores de amor, as indixestións, a ansiedade e algunhas gripes.

- 4- A poesía está nas cousas que nos rodean a diario, na música, na amizade, no supermercado, na risa, na moto, no váter, na esperanza, na rutina, nas cousas persoais, no calexón sen saída, no mar contaminado, na tristura, no teu barrio, no ceo cuberto, no ordenador, nun berro, na paisaxe, na conversa e nas rúas. Onde ti queiras.

- 5- O importante da poesía non é obsesionarse con descifrala senón saber gozala, sentila e intuila. Na poesía reconforta sentir o seu ritmo, a súa música, a súa sonoridade, os xogos de palabras que por veces nos deslumbran, as imaxes fascinantes que nos ofrece. E tamén os seus enigmas. Poetizarse. En definitiva, facer da poesía un pracer.

Fran Alonso

Recollido polo Equipo da Biblioteca
no Día Mundial da Poesía



Primavera no Carballiño

Cando chega a primavera
dá gusto mirar ao redor
poñémonos todos na acera
mirando as árbores con flor

Isto é no Carballiño
onde teño a miña casa
veo os paxaros no niño
mirando dende a miña cama.

Cando chega a primavera
as patatas veo nacer
na miña casa onde a acera
as árbores veo crecer.

No xardín da miña casa
hai moitas plantas por nacer
na vila onde eu vivo
as árbores son un pracer.

Ana Otero 3ºB



Había unha vez en Lugo
un chupete que quería ser cohete
como non o lograba
o chupete se desesperaba.
¡ Ahí aquel chupete que quería ser cohete.



2ºA

Había unha vez en Valga,
un bombón que quería ser dragón
pero como non o conseguía
o bombón se derretía.
¡ Ahí aquel pobre bombón que quería ser dragón



© no meu xardín

Ao lado da casa,
dónde vivo eu,
hai un bonito xardín
que por suposto é meu.

Nese xardín
hai unha roseira,
pero eu quería
unha palmeira.

Miña nai plantou,
unha roseira con flores vermelhas,
e outra con flores
de cor dos tellos.

E para poder andar nos xardíns,
meu pai comproume
uns botíns.

Jaka Viqueira Valera 3ºB





ADEUS AO COLE

Nós comezamos neste colexio
con seis aninños
con vergoña e moito medo.

Despois fixemos amigos
aínda que eramos,
moi pequeniños.

Xa fomos sendo máis grandes,
perdemos a vergoña
e mudamos en cousa tola.

Tamén aprendemos moitas cousas.
Sobre todo a ser...
¡mellores persoas!

Seguimos no colexio,
case somos os maiores
quitando aos profesores.

Estamos en sexto curso
algúns somos estudiosos e
outros máis ben latosos.


Adios colexio de Baño
despedímonos de ti,
damos grazas a todos
os que quedades aquí.

María Rejojo Ferreiro
Eva Velo Heleno
Fatima Mato Jamarco
6ºB





Le con atención as adiviñas e une con frechas cada texto co seu debuxo correspondente



ADIVIÑAS E PASATEMPOS INFANTIL 5 ANOS



A ÁRBORE



A CEBOLA




AS FLORES



A MARGARIDA



A MIMOSA



A PERA



O TOMATE

É GORDIÑO E MOI
COLORADIÑO
NON TOMA CAFÉ
SEMPRE TOMA TÉ.

BOTÓN AMARELO
NO CORAZÓN
BÁGOAS BRANCAS
UN PEQUENO SOL

A FLOR AMARELA
REDONDA, SEDOSA
BOLINHA DE MECOS
A DAMA MECOSA.

AMARELA, VERDE
E BRANCA TENTACIÓN DA
FORMOSA
SE QUERES VAI NO
PENSANDO, OU
ESPERA QUE CHO DIGA

ENCHEN O AIRE CO SEU AROMA
CANDO A PRIMAVERA ASOMA
O CAMPO ATEIGAN DE CORA
O PRADO E MÁIS O BALCÓN

QUE SERÁ UNHA
COUSIÑA, COUSA
TEA ENTRE TEA O
RABO SOBRE DELA

DE PÉ VIVE,
OS BRAZOS ABRE
NO OUBIVO ISPESE
E NA PRIMAVERA VÍSTESE



ADIVIÑAS E PASATEMPOS 2ºA E 4ºA



Como na páxina anterior, le con atención as adiviñas e une con frechas cada texto co seu debuxo correspondente



Ñ ñ



No verán dis que non souo,
todo o inverno che son fiel;
para os pobres, non existo;
para os ricos son de pel.

Froita é
amarela é
ten forma de lila
Adiviña quen é.

Estou no año e non na ovela;
non no rei, si na raíña;
vou ás castañas en xuño;
di quen son, adiviña.


Marrón son
esme por moitas partes
e chámanme como o
teu planeta

Ten catro ás,
e unha cola moi longa,
voa moi baixo,
e vai caber abaixo.

Manguieira teño,
bombeiro non son.
Visítanme os coches
polo que lles dou.



Nas adiviñas...xa sabes, pero... És quen de resolver os demais pasatempos? **Ánimo!! Seguro que podes facelo!!!**



Dúas nenas van á par e non se poden mirar

Lomo e cabeza teño e aínda que vestida. non vou moí longas galdas teño


¿Que cousa, que cosa é que voa sin alas e corre sin ter pés?

Unha árbore con doce ramas cada rama catro gellas, cada gilla, sete gillas. ¿Díame como se chama?

ADIVIÑAS E PASATEMPOS 6ºB

SUDOKU

		6	7	9	8			2
2	8		1	6	4		9	5
			2		7			6
5	1	8	4		7	6		9
6	2			8				
9		4	2					3
		1	5	4		2		8
	6			1	2	9		3
8	9		6		3	5		1



¿Que idade ten o seu fillo?

¿Que está lendo a nena?

Unha ...

SOPA DE LETRAS
Atopa 5 palabras que

I	P	A	R	Q	U	E	E	R	B
A	S	U	M	I	D	O	I	R	O
W	P	C	V	F	P	P	Z	F	G
A	L	R	V	C	Y	E	I	W	T
T	W	Q	X	Z	Q	Q	N	R	S
W	E	H	U	U	D	W	F	B	Y
Q	B	S	C	G	G	S	U	Z	H
H	Z	E	J	J	O	N	Ñ	Y	W
X	Z	Ñ	K	Q	R	U	A	U	K
O	F	I	C	I	Ñ	A	B	U	S

**OS TOLOS ESCAPAN**

Isto era un manicomio do que un día escaparon todos os tolos e subiron a un monte cercano a dito lugar. Entón os médicos intentaron que baixaran. Un intentouno dicíndolles que si baixaban deixáballe o fin de semana libre pero os tolos contestaron que non. Outro intentouno dicíndolles que si baixaban dábanlles postre todos os días pero tamén dixeron que non. Entón pasou un tolo e díxolle os médicos:
 -¿Se os fago baixar dádesme todos os fins de semana libres e postre todos os días?
 E os médicos díxéronlle que si.
 Entón o tolo díxolle os fuxitivos, movendo o brazo de arriba abaixo e de esquerda a dereita:
 -¡Ou rás , ou rás!
 E os tolos baixaron todos correndo. Os médicos sorprendidos preguntáronlle:
 -¿Cómo o fixeches?
 -Dixenlle ou ras ou ras.
 -¿e que significa?-preguntaron os médicos.
 - Ou baixades ou corto o monte.

COLMO DUN ASTRONAUTA

¿Cal é o colmo dun astronauta?
 Que a súa muller sexa unha lunática.

CHISTE A PURA VERDADE

Vai un borracho pola rúa e ve a unha fea e dille:
 -Ti es moi fea.
 Ea muller contesta:
 E vostede un borrachuzo.
 O borracho contesta
 -Xa pero a min mañá pásame.

CHISTE QUE PENA

Un home está no seu traballo moi angustiado e o seu colega preguntalle¿qué che pasa? El responde:Es mañá case atropelo a miña sogra.O colega pregunta:¿Fallou o freo? E o outro di: -Non, o acelerador.

DE MAIOR QUERO SER IMBECIL

-Unha muller preguntalle a seu fillo:¿Ti que queres ser cando sexas grande?
 -Eu imbecil.
 -Pero fillo ¿Qué dis?
 -Si, e que meu pai sempre di: Mira a noiva que ten ese imbecil, mira o auto que mercou ese imbecil, tocoulle a lotería ao imbecil ese...

CHISTE COBRA

Chega un neno coa súa mama.
 -Mamá, mama, picoume unha víbora.
 E a mama preguntalle:
 -¿Cobra?
 -Non,gratis.

XOGADOR PROMETEDOR

Adestrador, ¿qué lle parece o meu fillo?
 - E un xogador moi prometedor.
 - Ah, ¿é bo?
 Non, fai cinco anos que me ven prometendo xogar mellor

CHISTE TRES IRMÁNS

Había unha vez tres irmáns que se chamaban Tonto, Ninguén e Ningún.
 UN día chega correndo un deles cun policía e dille:
 -¡Señor policía, Ninguén caeu ao foso e Ningún o está axudando!
 O policía responde:
 -¿E vostede tonto?
 -Si ; moito gusto.

CHISTE TAPANDO BURACOS

Estaban dous obreiros platicando e un dille ao outro:
 Fíxaste que hai un buraco na estrada ¿Cómo o tapamos?
 O outro contesta:
 Facemos outro burato á par e coa terra que saquemos tapámolo.
 -¿E como tapamos o novo burato?
 -Facemos outro e coa terra que sacamos, tapamos o anterior
 -¿Pero como o tapamos o novo burato?
 -Volvemos facer outro e coa terra que saquemos tapámolo e así ata que o saquemos do pobo.

Redactado: Uxío Lorenzo Castrelo 6ºB



M
o
i
t
a

DESPEDIDA DE SEXTO



s
o
r
t
e
!

